



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Nomeamento de 1 peón, durante 9 meses, para o programa de Xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe (Aprol Rural 2021)

Núm. Admvo. Expte.: 2022/E001/000003

Expte. Decreto Núm.: 2022/G003/000362

A Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade comunicou a este concello, con data do 05/05/2022, a concesión dunha subvención para a contratación, empregando a modalidade de contrato temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, a tempo completo por un período de 9 meses de 1 persoa, para a ocupación de peón, co obxecto: Xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe.

Por resolución de Alcaldía núm. 286/2022, de data do 19/05/2022 aprobáronse as bases para a contratación laboral temporal de 1 peón forestal para o programa de Xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe, subvencionado pola Orde do 07/01/2022 da Consellería de Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio 2022.

Posteriormente, tramitouse a oferta para este posto de traballo na oficina do Servizo Público de Emprego de Carballo; remitindo esta oficina a relación de candidatos preseleccionados para o dito posto (oferta núm. 12-2022-5641).

Por medio da Resolución de Alcaldía núm. 315/2022, de 31/05/2022, aprobouse a lista provisional de admitidos e excluídos á mencionada convocatoria, elevándose á definitiva no caso de non haber aspirantes excluídos/as.

Vista a acta de selección do tribunal reunido o día 03/06/2022 que avaliou os méritos que acreditaron as persoas aspirantes presentadas a este posto, na que propón ao sr. Alcalde designar a Miguel Alberto de Pinho Dias como peón para o programa de Xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe.

Unha vez comprobada a documentación presentada polo aspirante proposto Miguel Alberto de Pinho Dias establecida na base duodécima das bases de selección, con data do 10/06/2022 e sendo a mesma conforme,

Esta Alcaldía, en virtude do disposto no art. 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da Lei de Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro: Nomear a Miguel Alberto de Pinho Dias, con NIE X1931632T como persoal laboral temporal para que realicen as tarefas de peón no programa de Xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe (Expte. TR351G 2022/000027-1 fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural), a xornada completa e baixo a modalidade de contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral. O contrato terá unha duración de 9 meses, dende o 14/06/2022 ata o 13/03/2023, ámbolos dous incluídos.

Segundo: De acordo coa base 10.4 das bases de selección, esta resolución publicarase no Taboleiro de edictos do Concello e na sede electrónica municipal (<https://sede.laxe.es>) e substituirá ás notificacións individuais aos/as interesados/as, conforme ao disposto no art. 45 da Lei 39/2015.

Mándoo e asínoo, en Laxe na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde, D. José Luis Pérez Añón, do que eu como secretaria dou fe.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

O alcalde,
Asdo.: José Luis Pérez Añón

A secretaria-interventora
Asdo.: Begoña Carrasco García